



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Asunto publicación lista definitiva de persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza de filólogo/a (subgrupo A1), dentro do proceso de estabilización do emprego público. C.E. 39/18

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 9 de xullo do 2024, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo convocado para a cobertura das seguintes prazas:

Unha praza de filólogo/a, pola quenda libre, da escala de administración especial (subgrupo A1), dentro do proceso de estabilización do emprego público (C.E. 39/18)

Admitidas:

APELIDOS E NOME	DNI
DOMINGUEZ MONTAÑA , MARIA ANTONIA	***1354**
LORENZO IGLESIAS , XOÁN	***6603**
MUIÑO NAVEIRA , SILVIA	***3096**
PÉREZ BARRAL , LUÍS ANTONIO	***8326**
PREGO GRAÑA , MARTA	***6446**
SEOANE BOUZAS , MARIA NURIA	***2112**
SEOANE CASAS , DIEGO	***0655**
VIDAL BARRAL , XOSÉ MANUEL	***3008**

A inclusión das persoas aspirantes nas listaxes de admitidas ás probas selectivas non supón en ningún caso o recoñecemento por parte da Administración de que reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria. A acreditación e verificación destes requisitos terá lugar para as persoas aspirantes que superen o proceso selectivo, antes do seu nomeamento como persoal funcionario.

Segundo.- O tribunal que xulgará as probas selectivas terá a seguinte composición:

Presidenta:

Titular: Susana Martínez Portabales

Suplente: Beatriz Mariño Vila

Secretaria:

Titular: Patricia Vázquez García

Suplente: Ana Laura González Moreno

Vogais:

Titular: Carlos Pérez González

Suplente: Zoraida de Vega Vidal

Titular: Graciela Carral Seijas

Suplente: Mónica Vales Rodríguez

Titular: Sagrario Ron López

Suplente: Martín González Rodríguez

Terceiro.- A listaxe de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse a través do teléfono 010 de información municipal (981.920.010 se se chama desde fóra da cidade), e será publicada no BOP e na páxina web www.coruna.gal.

Cuarto.- Fixar á sesión constitutiva do tribunal sinalado no punto segundo, o día 23 de xullo de 2024, ás 9:00 horas, na sala de reunións da xefatura do Servizo de Recursos Humanos (Rúa Franja, 20 2ª planta).

Quinto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 11 de xullo de 2024

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2024/5027